



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MSL

Extracto da resolución da Concelleira delegada de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude de data 16/06/2023 pola que se acorda aprobar as bases reguladoras de “subvencións dirixidas ás entidades sociais para o ano 2023”.

Primeiro.-Beneficiarios.

Entidades sociais sen ánimo de lucro, que deberán estar legalmente constituídas e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas ou subvencións públicas.

As entidades solicitantes, deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

-Que os seus estatutos teñan obxectivos e finalidades sociais.

- Estar inscritas nen o Rexistro de Asociacións de Galicia, e no Rexistro de Asociacións do Concello das Pontes de García Rodríguez.

- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello ou sobre temas de interese para o Concello.

Segundo.-Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dirixidas ás entidades sociais para o ano 2023.

Terceiro.- Bases reguladoras.

O programa rexeráse polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número 120, do 26 de xuño de 2023, dispoñibles en:

Cuarto.-Contía.

Destinaranse un importe de 180.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2023.231.48900.

Quinto.- Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son os establecidos na base das Bases reguladoras específicas.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sé electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/es/index.html>. Só poderase presentar unha solicitude por titular (si preséntanse máis, só se valorará a primeira).

O prazo será de DEZ días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo.- Prazo de xustificación.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MSL

O prazo de xustificación das subvencións finalizará o día 30 de novembro de 2023, aínda que antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.

Oitavo.- Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

As Pontes de García Rodríguez